

RE: alerta hospitalaria Prova Deportiva

1 mensaje

xerencia.secretaria.asacec@sergas.es <xerencia.secretaria.asacec@sergas.es>

5 de junio de 2026 a las
12:35

Para: secretaria@clubrallycoruna.com

Estimado Sr. Rumbo:

Póñome en contacto con Vostede, en relación ao seu escrito de data 23 de maio, no que solicita a adopción de medidas de cara á celebración, o sábado 6 de xuño, do 22º Autocross de Carballo, no Circuito Municipal de Autocross de Carballo, para informarlle o seguinte:

- O Servizo Galego de Saúde está constituído, segundo a lei 1/89, do 2 de xaneiro, como un organismo autónomo de carácter administrativo, que ten como finalidade a xestión dos servizos sanitarios de carácter público dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- [Lei 8/2008](#), do 10 de xullo, de saúde de Galicia (modificada pola Lei 1/2018, de 2 de abril), diseña no seu artigo 50 as prestacións propias da Atención Primaria, comprendendo a asistencia sanitaria nas consultas, servizos e centros de saúde, a asistencia sanitaria no domicilio, as actividades programadas polos servizos de saúde, en materia de educación sanitaria, vacinación, exames de saúde, así coma atencións, prestacións e servizos á muller, á infancia, ó adulto, ao ancián e de urxencia. Así mesmo, a devandita Lei 8/2008, diseña as distintas prestacións de saúde, comprendendo a atención a urxencia e emerxencia nos termos establecidos no seu artigo 52.
- Ao abeiro da mencionada normativa e ao non tratarse dunha actividade programada polo servizo de saúde da Comunidade Autónoma, a Organización deste evento deberá adoptar as medidas necesarias en previsión de calquera incidente que se puidera producir no desenvolvemento da actividade que se vai levar a cabo, conforme a [Lei 10/2017](#), de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, o [Decreto 226/2022](#), de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas e se constitúe o Rexistro de Empresas e Establecementos e demais normativa que resulte de aplicación.
- Nembargante, significarlles que terase en conta estes acontecementos, en previsión de posibles incidentes, a través dos distintos dispositivos asistenciais do Complexo Hospitalario Universitario A Coruña e do Punto de Atención Continuada de Carballo (Avda. do Ambulatorio, s/n).

Un saúdo,

[Xerencia](#)[Área Sanitaria da Coruña e Cee](#)[As Xubias de Arriba, 84 \(Hospital Universitario A Coruña\)](#)[15006 A Coruña](#)[☎ 981 178 010 - 📠 981 219 115](#)

<https://xxicoruna.sergas.gal>



De: Secretaria - Club Rally Coruña [mailto:secretaria@clubrallycoruna.com]

Enviado el: sábado, 23 de mayo de 2026 17:57

Para: DSRP 061 <DSRP.061@sergas.es>; Xerencia, A.S. da Coruña e Cee – Secretaría <xerencia.secretaria.asacec@sergas.es>

Asunto: alerta hospitalaria Prova Deportiva

Adxunto remitímoslle solicitude de posta en aviso correspondente ao Complexo Hospitalario Universitario de A Coruña, e de o PAC de Carballo, con motivo da celebración de proba deportiva no Circuito de Bertoa, (Carballo), correspondente ao Campionato Galego de Autocross.

Asemsmo, adxuntamos Libro de Seguridade da Prova, no que se detallan as infraestructuras, Persoal e Medios de Seguridade da Mesma.

Atentamente

Ernesto Rumbo Queijeiro

PRESIDENE CLUB RALLY CORUÑA

Nota: A información contida nesta mensaxe e os seus posibles documentos adxuntos é privada e confidencial e está dirixida únicamente ó seu destinatario/a. Se vostede non é o/a destinatario/a orixinal desta mensaxe, por favor elimínea. A distribución ou copia desta mensaxe non está autorizada.

Nota: La información contenida en este mensaje y sus posibles documentos adjuntos es privada y confidencial y está dirigida únicamente a su destinatario/a. Si usted no es el/la destinatario/a original de este mensaje, por favor elimínelo. La distribución o copia de este mensaje no está autorizada.

See more languages: <http://www.sergas.es/aviso-confidencialidad>